

COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE

Texto

Leo as feministas defensoras da abolición da prostitución e non podo estar máis de acordo. Falamos de mulleres explotadas, a miúdo inmersas na violencia, boa parte delas vítimas da trata de persoas e cada vez máis novas. Un colosal negocio que move cifras tan avultadas coma opacas e que se sostén, especialmente, sobre a pel da muller pobre migrante. A propia existencia da prostitución é sinónimo de desigualdade, xa que afonda na idea de que o corpo feminino é un obxecto de compra e venda.

Escoito outras feministas partidarias de lles recoñecer dereitos laborais ás traballadoras do sexo para as protexer dos abusos e tamén comparto os seus argumentos. Igual ca as primeiras, condenan a trata, o proxenetismo e mais a explotación, esixen medidas efectivas para combatelas, mais admiten que hai mulleres que practican a prostitución decidida e que non se lles pode arrebatarse a capacidade de se organizar, loitar por unhas condicións laborais máis dignas e, especialmente, liberarse do estigma social. Se se dota as traballadoras sexuais de máis autoridade, quizais teñan máis forza para se plantaren ante os abusos.

Entendo que o feminismo é plural, como sempre o foi. Son décadas de diversidade teórica, de debates múltiples e multifocais, de loitas distintas e formas diferentes de concibir o poder. As voces cada vez son máis, teñen acentos variados, vivencias contrapostas e son o refuxio de colectivos invisibilizados e oprimidos.

Tanto no debate da prostitución coma na polémica pola decisión da directora Leticia Dolera de prescindir da actriz Aina Clotet polo seu embarazo, tratouse de debilitar o feminismo aducindo a súa disparidade de criterio. Presupoñer que só hai unha voz e unha liña de pensamento no movemento é simplificalo ata o insulto. Na loita contra o patriarcado non hai súbditos nin violencia debida. O feminismo é a voz que se alza contra o autoritarismo. A pluralidade é a súa esencia e a súa fortaleza.

Emma Riverola (*El Periódico*, 24/11/2018)

1. Indique, nunha frase de non máis de 25 palabras, cal é o tema principal que se trata no texto. [2 puntos]
2. Resuma o contido do texto cunha extensión aproximada de 150 palabras, reflectindo as súas ideas principais e secundarias. [2 puntos]
3. Elabore un comentario crítico no que exprese a súa opinión sobre o contido do texto, manifestando, de maneira argumentada e razoada, o seu acordo ou o seu desacordo coas ideas que nel se expoñen. [6 puntos]

COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE

Texto

Leo a las feministas defensoras de la abolición de la prostitución y no puedo estar más de acuerdo. Hablamos de mujeres explotadas, a menudo inmersas en la violencia, buena parte víctimas de la trata de personas y cada vez más jóvenes. Un colosal negocio que mueve cifras tan abultadas como opacas y que se sostiene, especialmente, sobre la piel de la mujer pobre migrante. La propia existencia de la prostitución es sinónimo de desigualdad, ya que ahonda en la idea de que el cuerpo femenino es un objeto de compra y venta.

Escucho a otras feministas partidarias de reconocer derechos laborales a las trabajadoras del sexo para protegerlas de los abusos y también comparto sus argumentos. Al igual que las primeras, condenan la trata, el proxenetismo y la explotación, exigen medidas efectivas para combatirlas, pero admiten que hay mujeres que practican la prostitución decidida y que no puede arrebatarles la capacidad de organizarse, luchar por unas condiciones laborales más dignas y, especialmente, liberarse del estigma social. Si se dota a las trabajadoras sexuales de más autoridad, quizá tengan más fuerza para plantarse ante los abusos.

Entiendo que el feminismo es plural, como siempre lo ha sido. Son décadas de diversidad teórica, de debates múltiples y multifocales, de luchas distintas y formas diferentes de concebir el poder. Las voces cada vez son más, tienen acentos variados, vivencias contrapuestas y son el refugio de colectivos invisibilizados y oprimidos.

Tanto en el debate de la prostitución como en la polémica por la decisión de la directora Leticia Dolera de prescindir de la actriz Aina Clotet por su embarazo, se ha tratado de debilitar el feminismo aduciendo su disparidad de criterio. Presuponer que solo hay una voz y una línea de pensamiento en el movimiento es simplificarlo hasta el insulto. En la lucha contra el patriarcado no hay súbditos ni obediencia debida. El feminismo es la voz que se alza contra el autoritarismo. La pluralidad es su esencia y su fortaleza.

Emma Riverola (*El Periódico*, 24/11/2018)

1. Indique, en una frase de no más de 25 palabras, cuál es el tema principal que se trata en el texto. [2 puntos]
2. Resuma, en una extensión aproximada de 150 palabras, el contenido del texto, reflejando las ideas principales y secundarias de este. [2 puntos]
3. Elabore un comentario crítico en el que exprese su opinión sobre el contenido del texto, manifestando, de forma argumentada y razonada, su acuerdo o desacuerdo con las ideas que en él se expresan. [6 puntos]